
Seminario: "Plataformas Tecnolóxicas, novas oportunidades para a I+D+I en Europa"

- Actualizado (16.05.2006)

Potenciar un maior coñecemento sobre as plataformas tecnolóxicas nacionais e europeas e promover a súa creación entre as PEMEs galegas é o obxectivo do seminario que, baixo o título "Plataformas Tecnolóxicas, novas oportunidades para a I+D+I en Europa", organizará o vindeiro 6 de xuño en Vigo a Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia (RETGALIA) e maila Rede OTRI Galega.

As plataformas tecnolóxicas son consorcios que agrupan a todos os axentes I+D+I que operan sobre un sector determinado, co fin de atender ás súas necesidades e afrontar os principais retos que se lles presentan (económicos, ambientais, tecnolóxicos e sociais) a través da realización dun programa europeo común de investigación.

O seminario pretende ofrecer unha visión da realidade que rodea ao fenómeno das plataformas tecnolóxicas, como clave para lograr un maior aproveitamento das oportunidades que se están a ofrecer neste eido dende estancias europeas - ata 32.000 millóns de euros destinará a UE a potenciar estes entes, dentro do VII Programa Marco. Oportunidades que, aplicadas aos sectores estratéxicos galegos, redundarían na mellora do seu tecido tecnolóxico e industrial.

Por esa razón, a xornada está dirixida fundamentalmente a directivos e xerentes de PEMEs e empresas vinculadas ao I+D+I, pero tamén a todas aquelas persoas con capacidade de decisión estratéxica no ámbito tecnolóxico-empresarial, tales como investigadores e tecnólogos de centros de investigación ou xestores de I+D+I en asociacións e clusters.

O seminario constará dunha parte teórica, que será impartida por representantes da Consellería de Innovación e Industria e do Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI), e dunha parte práctica, na que se presentarán casos de plataformas tecnolóxicas xa en funcionamento, como a Plataforma Tecnolóxica Española de Fabricación (Manufuture) ou da Construción (PTEC), entre outras.

Ademais, os asistentes poderán ampliar os seus coñecementos a través de entrevistas concertadas con técnicos e especialistas que, vinculados ao seu sector, poidan aportar puntos de vista concretos coa análise de propostas personalizadas. Estes encontros deberán solicitarse previamente a través do formulario de inscrición.

Para máis información <http://www.retgalia.org/seminarioPT.php>.